



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) para o desenvolvemento dun programa de educación para a sustentabilidade dos ríos (Proxecto Ríos)

1 Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrito á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que ten por finalidade, entre outras, a preservación e mellora do medio ambiente e, en particular, dos ecosistemas acuáticos.

2 O programa de educación para a sustentabilidade dos ríos presentado por ADEGA, denominado “Proxecto Ríos”, configúrase como un programa de voluntariado e educación ambiental co cal se pretende dar resposta a unha problemática de gran importancia en Galicia como é a da contaminación e deterioro dos ecosistemas fluviais. Este programa fundaméntase na inspección das condicións ecolóxicas dos ríos, realizada por voluntarios locais responsables da vixilancia e protección dos treitos seleccionados, mediante unha metodoloxía de observación sinxela e estandarizada de fácil aplicación e desenvolvemento.

Un obxectivo fundamental é a divulgación da “custodia fluvial” (vertente da custodia do territorio), nova e crecente ferramenta de conservación, centrada no concreto ámbito dos ríos, das ribeiras e do patrimonio etnográfico e cultural vinculados a eles.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Instituto de Estudos do Territorio e ADEGA o instrumento convencional arriba referido que terá efectos dende o día seguinte a súa sinatura ata o 15 de decembro de 2019, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2019.

4 O obxecto do convenio de colaboración é establecer as condicións que rexerán a participación e colaboración entre Augas de Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio e ADEGA para desenvolvemento das actividades e actuacións planificadas para o ano 2019 no marco do “Proxecto Ríos”.





5 En razón das achegas realizadas por ADEGA, como promotora do Proxecto Ríos, para o logro da finalidade común e como compensación dos gastos soportados no desenvolvemento das actividades, dende o 1 de xaneiro de 2019, en virtude do obxecto deste convenio, Augas de Galicia aportará dentro do exercicio 2019 unha contía máxima de cincuenta mil euros (50.000,00€), con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento para o exercicio 2019, e o gasto imputarase á conta 6299 “Outros servizos” do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia.

6 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, recolle entre os principios reitores do exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de augas, o de contribución á preservación e mellora do medio ambiente e, en particular dos ecosistemas acuáticos, constituíndo un obxectivo primordial en materia de auga o de previr o deterioro do estado de todas as masas de auga coa finalidade de acadar o bo estado ecolóxico das mesmas.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(*asinado dixitalmente*)

